



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2009

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención amosando o pesar da Universidade da Coruña polo falecemento do Sr. Carlos Santos Bartolomé, xefe do Servizo de Intervención da nosa universidade.

A continuación, dálles conta aos membros do Consello de Goberno da recente publicación no *Boletín Oficial del Estado* da normativa sobre profesións reguladas nas enxeñarías, mais segue a descoñecerse o tema das fichas. Igualmente, dálles conta do proceso de elaboración do borrador do Estatuto do estudantes e mais da Lei de ciencia, a respecto do que os reitores teñen amosado a súa protesta pola forma en que se están dando a coñecer. Continúa a súa intervención informando dos acordos adoptados nas reunións do Consello Social realizadas desde a última sesión do Consello de Goberno, centrándose nos relativos á aprobación dos orzamentos e das propostas de grao e de mestrado da Universidade da Coruña. Logo de indicar que vai seguir como presidente no FEUGA, informa dos cambios operados na súa dirección por causa do cesamento do director-xerente, por petición propia para facerse cargo da dirección da Fundación Barrié de la Maza. Tamén lles dá conta dos acordos adoptados na última sesión da Fundación da Universidade da Coruña, entre os que figura a aprobación dos seus orzamentos e do plano de actuación para o ano 2009. O Sr. Reitor informa da presentación do Centro Tecnolóxico do Têxtil, que se vai situar no parque tecnolóxico da nosa universidade, en que participa a nosa universidade, e tamén da reunión da Conferencia de Rectores de Universidades Españolas (CRUE) que se vai realizar para o día 23 de febreiro. Remata a súa intervención dándolles as grazas a aquelas persoas que formalizaron as súas candidaturas para a dirección dos centros e dos departamentos, que é algo que demostra a súa preocupación polo bo funcionamento da Universidade da Coruña.



O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da convocatoria, por procedemento de urxencia, de dúas prazas: unha de contratado interino de substitución P6 na área de Álgebra por renuncia do profesor que a ocupaba e outra de asociado P6 en Enfermaría por terse producido unha vacante.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa que a carga do orzamento (que se aproveita para emendar as posibles erratas) se completou con normalidade, de xeito que as partidas orzamentarias do orzamento 2009 están dispoñibles desde o día 19 de xaneiro.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa da resolución do 29 de decembro de 2008 da Dirección General de Universidades pola que se establece o procedemento de verificación de ensinanzas oficiais de doutoramento. Os responsables do Ministerio indicaron que non estaba previsto publicar un modelo unificado para a solicitude de verificación de programas de doutoramento, dado que cada universidade empregará o formato que considere máis oportuno, por esta razón preparouse un protocolo, que foi logo enviado e presentado a todos os departamentos e persoas responsables da coordinación dos mestrados e doutoramentos. Igualmente, a Sra. Vicerreitora sinala que o 12 de febreiro se publicou, na páxina web do Ministerio de Ciencia e Innovación, a relación de excluídos na convocatoria de bolsas FPU, en que aparecen excluídos os solicitantes da nosa universidade por causas diversas, moitos deles por non teren presentado toda a documentación; aínda que a documentación fora presentada tanto en formato papel como en formato electrónico, foi novamente presentada no prazo dos 10 días de corrección. Remata sinalando que a Vicerreitoría de Cultura e Comunicación creou a Unidade de Divulgación e Cultura Científica da Universidade da Coruña, sempre coa finalidade de fomentar o interese do público en xeral polos temas científicos e maximizar o retorno da información da investigación realizada na Universidade da Coruña á cidadanía. Trátase dunha unidade que conta cun coordinador e un consello asesor formado polo Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, pola Sra. Vicerreitora de Investigación e polas persoas responsables dos servizos de comunicación e publicacións e a Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación.



O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa os membros do Consello de Goberno de cuestións relacionadas coa súa vicerreitoría. Sinala que o pasado día 30 de xaneiro abriuse a II convocatoria de axudas para o programa de estruturación comercial de grupos de investigación da Universidade da Coruña. O obxectivo desta iniciativa é a valorización da actividade investigadora dos grupos da UDC e a promoción dos seus resultados innovadores ao noso contorno socioeconómico. Preténdese que este proceso de transferencia sexa definido no cadro dunha estratexia de promoción comercial da oferta tecnolóxica a medio prazo, para o cal resulta necesario estruturar adecuadamente os grupos de investigación e propor mecanismos internos de actuación de cara á procura de colaborar con empresas e institucións. A convocatoria vai acompañada dun plano de traballo detallado coas fases e a metodoloxía que debe ser empregada. O prazo de entrega das solicitudes remata o xoves 19 de febreiro. Remata a súa intervención, indicando que o luns 16 de febreiro ás 10:30 h, no Salón de Actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, realizarase unha xornada sobre o programa de estruturación comercial en que se presentarán os resultados da primeira convocatoria do programa, así como tamén os obxectivos, as fases e a metodoloxía de traballo desta II convocatoria. O ano pasado foron seleccionados para participaren neste programa cinco grupos de investigación, cada un dos cales foi titorizado neste proceso por unha consultora especializada e un técnico da OTRI. Os resultados serán presentados o próximo luns.

Remata este punto da orde do día o Sr. Reitor, quen dá conta da relación de cesamentos e nomeamentos que figuran no [anexo II](#).

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 10 de decembro de 2008 e da sesión extraordinaria do 20 de xaneiro de 2008

Apróbanse, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 10 de decembro de 2008 e a acta da sesión extraordinaria do 20 de xaneiro de 2008, que estiveron a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.



3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 48 convenios que figuran no [anexo III](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (2), convenios específicos (27) e convenios para prácticas (19) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Sen se rexistrar ningunha intervención, os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Modificación orzamentaria

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa de que a Vicerreitoría de Cultura e Comunicación solicita transferir os 72.000,00 € da partida 9890989007 422D 48600 "Axudas para a cooperación ao desenvolvemento" a unha partida de nova creación no capítulo VI, concretamente no concepto 649 ("Investigación científica"). Alégase como motivo que a finalidade do crédito é o financiamento de actividades de investigación no eido da cooperación ao desenvolvemento, polo que se solicita que sexa tratado como un crédito de investigación mantendo a clasificación orgánica da Vicerreitoría solicitante (9890).

5. Títulos propios de posgrao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno das propostas renovación de títulos propios de posgrao, que constan no [anexo IV](#).

Sen se rexistrar ningunha intervención, as propostas en cuestión son aprobadas por asentimento.

6. Mestrado de secundaria

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da



proposta de mestrado de secundaria e o seu calendario, que figura no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/voat/documentos/mestrados/profesorado.pdf> Explícalles o procedemento de elaboración, moi condicionado pola data de entrada (15 de febreiro), que recaeu nunha comisión, que foi quen de aprobar a proposta por unanimidade. Tamén lles dá conta das conversas mantidas ao respecto coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e coas outras universidades galegas. Remata a súa intervención sinalando que este mestrado se adscribe á Facultade de Ciencias da Educación.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participa a Sr. López Fernández quen, logo de manifestar que entende as razóns de responsabilidade institucional por parte do goberno da nosa universidade, sinala que vai votar en contra desta proposta, xustificando o seu voto para tales efectos principalmente na degradación das ensinanzas, especialmente as de humanidades, considerando ademais que vai contra o espírito de Boloña a obrigatoriedade de facer tal mestrado para a realización posterior de oposicións. Pídelle ao Sr. Reitor que faga todo o posible para que o mestrado sexa implantado logo da realización das oposicións, integrándose o mestrado en cuestión na práctica. Remata a súa intervención amosando a súa preocupación polo feito de que as universidades privadas capten estudantes das universidades públicas a prezos que xa non son públicos. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que se trata, en efecto, dunha cuestión sobre a que a CRUE amosou a súa fonda preocupación sobre o tema, onde están presentes tanto o Ministerio de Educación, Política Social y Deporte como o Ministerio de Ciencia e Innovación, sendo comisado o Sr. Presidente da CRUE para trasladarlle ao Ministerio de Educación, Política Social y Deporte este malestar. Na CRUE tamén se tratou o tema de pospoñer a realización do mestrado para logo de se superar a oposición, tal e como se está a facer noutros casos, e o tema das especialidades neste mestrado. Remata a súa intervención sinalando a importancia que os Sres. Reitores lle daban ao prezo público que hai que pagar para cursar este mestrado.

Igualmente, interveñen o Sr. Casabella López, quen se centra no tema das profesións reguladas, e o Sr. Casteleiro Maldonado, quen se interesa na demanda por este mestrado. A Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías indícalle que, a respecto do Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP), hai na actualidade unha demanda dunha cantidade de persoas que oscila entre as 600 e as 800. O Sr. Reitor sinala tamén que haberá maior demanda que no caso do CAP, tendo en conta que hai diferenzas entre



ambos. Toma a palabra o Sr. Rodríguez Ayuso para expresar tamén o seu rexeitamento e o do seu grupo a esta proposta de mestrado, de igual maneira que rexeitaban o antigo CAP, para demandar que se teña que cursar logo das oposicións a prezos accesibles e para criticar o proceso de elaboración, que entende que foi realmente moi precipitado e onde non houbo participación do estudantado. En resposta, as Sras. Vicerreitoras de Organización Académica e Titulacións e de Calidade e Novas Tecnoloxías explican como foi o procedemento seguido e os criterios de calidade aprobados para tales efectos. Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais para deixar constancia de que recibiu unha carta dos representantes de IESGA, en que solicitan que se dea lectura do seu posicionamento a respecto do mestrado de secundaria. Logo de ter a venia dos membros do Consello de Goberno fai a lectura da carta, cuxo contido é o que segue:

«A organización estudantil mantén a súa postura, contraria á proposta de máster que substituirá o antigo CAP polos seguintes motivos:

- a preocupación da organización estudantil polas consecuencias da decisión de limitar a duascentas as prazas por universidade galega para cursar o Mestrado en profesor de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas, que vai substituír o actual CAP. Son insuficientes, xa que disto derívase unha limitación ao acceso da función pública dos titulados universitarios galegos
- a constancia de que o regulamento de acceso ao mestrado, que elaborará cada universidade, terá en conta, de xeito principal, o expediente académico. Deste xeito, estase a primar o expediente sobre outras competencias do alumnado
- o erro que supón, e que se debería corrixir, vincular o número de prazas do mestrado ao de vacantes por especialidade para cubrir. Ademais da tendencia a diminuír o número de prazas por ano».

Rematan a quenda de intervencións, a Sra. Candedo Gunturiz, quen se centra na metodoloxía de traballo, que foi máis xenérica que específica, e o Sr. Fernández López, quen considera que a situación é complicada, mais entende que o labor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria neste tema concreto non é o máis correcto e provoca desaxustes, por esta razón as universidades galegas debería facer todo o posible para que a Consellería en cuestión actuase de xeito distinto.



Antes de se proceder á votación, o Sr. Reitor sinala que a Universidade da Coruña xa amosou a súa desconformidade por escrito, ademais de llo ter así comunicado á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Con 21 votos a favor, 3 en contra e 5 abstencións, apróbase a proposta de mestrado de secundaria e o seu calendario.

O Sr. González López pide que conste por escrito o compromiso de promover unha solución máis axeitada sobre esta materia.

7. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da convocatoria de prazas de promoción de PDI acreditado que figura no [anexo V](#). A proposta, que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), apróbase por asentimento.

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa os membros do Consello de Goberno da convocatoria ordinaria de prazas que figura no [anexo VI](#), engadíndose na relación unha praza que non figuraba na documentación inicialmente enviada. A proposta, que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), apróbase por asentimento tal e como figura no [anexo VII](#).

O Sr. Vicerreitor remata a súa intervención dando conta da 11ª convocatoria de prazas transitorias, que figura no [anexo VIII](#). A proposta, que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), apróbase por asentimento.

8. Cambio de dedicación

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de cambio de dedicación que figura no [anexo IX](#).

A proposta en cuestión, que conta cos informes favorables pertinentes, resulta aprobada por asentimento.



9. Propostas de tribunais de concursos de acceso

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das propostas de composición das comisións xulgadoras dos concurso das prazas que figuran no [anexo X](#), mais tamén de certos cambios que necesariamente había que realizar nalgunha das propostas, sempre coa finalidade de que todas se axusten ao establecido legalmente para tales efectos.

As propostas en cuestión, incorporando os cambios indicados polo Sr. Vicerreitor, resultan aprobadas por asentimento tal e como figuran no [anexo XI](#).

10. Venias docentes

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de venia docente, que figura no [anexo XII](#).

A proposta en cuestión resulta aprobada por asentimento

11. Proposta de Regulamento do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa da proposta de regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, que figura no [anexo XIII](#) e que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica da nosa universidade.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Fernández López, quen considera que non é axustada á legalidade a referencia que figura no artigo 6 ao persoal de administración e servizos, ao que lle responde a Sra. Vicerreitora indicándolle que, sobre a base de que non se trata dun instituto propio, convén distinguir entre o persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña e o persoal dedicado a tarefas administrativas que non pertence á nosa universidade. Tamén intervén o Sr. Delgado Martín, quen entende que se trata dun instituto concertado, cuxa proposta de regulamento dálle pé para realizar unha serie de consideracións en cuestións tales como as relativas á súa denominación oficial; ao seu ámbito científico de actuación; ao persoal investigador do Laboratorio Xeolóxico de Laxe; á composición do Consello do Instituto



por parte da Universidade da Coruña, pois semella existir certa descompensación, polo que sería oportuno ter coñecemento de cal é o contido do convenio de colaboración; á presenza neste Consello do estudiantado de cursos de doutoramento e do persoal de administración e servizos; e por último, ao funcionamento interno do Consello. A Sra. Vicerreitora, en resposta, indícalle que moitas das cuestións son de índole legal e a que non pode dar resposta agora, porque o Sr. Secretario Xeral, que foi quen se encargou da tramitación legal desta proposta, unha vez que foi recibida do Sr. Director do Instituto, non está presente nesta sesión do Consello de Goberno, por esta razón semella oportuno adiar a súa aprobación a unha sesión posterior deste Consello de Goberno. Sobre a base de que a composición do Consello de Instituto non parece axustarse ao que está establecido polos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Fernández López tamén pide que se trate este tema noutra sesión do Consello de Goberno.

Logo de indicar o Sr. Reitor, que tales consideracións deben ser tidas en conta, acórdase tratar esta proposta de regulamento nalgunha das sesións posteriores do Consello de Goberno.

12. Modificación da composición da Comisión de Relacións Internacionais

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sr. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen informa da proposta de modificación da composición da Comisión de Relacións Internacionais, que figura no [anexo XIV](#). Segundo a Sra. Vicerreitora, como consecuencia da supresión da figura de Coordinación de Proxección Internacional e da reasignación de funcións na Oficina de Relacións Internacionais, procede propoñer unha modificación da composición da Comisión de Relacións Internacionais, aprobada na sesión do Consello de Goberno do día 30 de xuño de 2008. A modificación consiste en substituír, como membro nato da Comisión, a persoa responsable da Coordinación de Proxección Internacional por un técnico representante da Oficina de Relacións Internacionais.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Rodríguez Fernández, quen quere saber se xa hai nomeada unha persoa responsable da Oficina de Cooperación e Voluntariado. En resposta, a Sra. Vicerreitora dille que aínda non e que se trata dunha cuestión sobre a que poden ter máis información na Vicerreitoría de Cultura e Comunicación.



Apróbase a proposta de modificación da composición da Comisión de Relacións Internacionais, que figura no citado [anexo XIV](#).

13. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Fernández para darlles conta aos membros do Consello de Goberno da situación en que se atopa a dirección do seu centro desde que resultou acusada de acoso laboral e sexual e pídelle ao Sr. Xerente que tome medidas ao respecto dándolle unha formación máis adecuada á administradora do centro. Remata a súa intervención indicando que lle quere deixar todas estas cuestións resoltas á persoa que o vaia suceder no cargo, pois non ten pensado presentarse como candidato ás eleccións que están actualmente convocadas.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen pide a presunción de inocencia para todas as persoas implicadas neste asunto mentres non remate o expediente aberto para tales efectos. Remata a súa intervención centrándose nun escrito da representación sindical de USO onde se conteñen algunhas acusacións ao Sr. Xerente na súa actuación nun tema de concesión dunha comisión de servizos e pídelle ao Sr. Xerente que explique se é certo que lle denegou a comisión de servizos a unha persoa que estaba embarazada. O Sr. Xerente sinalalle que nunca se lle dixo á persoa interesada que non se lle ía conceder a comisión de servizos en que actualmente se encontra. Tamén aproveita o Sr. Xerente para indicar que o escrito en cuestión contiña falsidades sobre o seu labor e referencias inadmisibles á súa muller e aos seus fillos, razón pola que se viu na necesidade de ter que contestar a ese escrito e de pensar na posibilidade de emprender medidas legais. Remata a súa intervención explicándolles aos membros do Consello de Goberno como foi o procedemento seguido para a concesión desta comisión de servizos, motivada polo pasamento do Sr. Carlos Santos, que se axustou en todo o momento á legalidade e do que tivo coñecemento a devandita representación sindical desde o seu inicio até o seu remate.

Toma a palabra a Sra. López Fernández, quen se interesa sobre a convocatoria aberta para a participación do estudantado no proceso de verificación de títulos. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías explícalle esta convocatoria, que trae causa dunha solicitude formalizada pola ACSUG en que se pedían estudantes para a realización



das tarefas de verificación. Sobre esta cuestión tamén interveñen o Sr. Reitor, quen dá conta da enorme cantidade de traballo que teñen as axencias estatal e autonómicas, o Sr. Fernández López, quen se interesa no proceso de selección do estudiantado, e o Sr. Ferreiro Baamonde, quen se interesa tamén polos criterios que determinan a selección dos estudantes para tales efectos. A Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías indícalles que o criterio de selección é o dos méritos e non o da representatividade, dado que vai a título individual. O Sr. Ferreiro Baamonde non comparte este criterio e considera que debería terse en conta o da representatividade estudantil.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.15 horas.